

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO COLEXIO MONTEGRANDE

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

TÍTULO PRELIMINAR

Art.1-Obxeto.

O presente Regulamento de Réxime Interno (R.R.I.) ten por obxeto regular a organización e funcionamento do Centro e promover a participación de todos os que conforman a Comunidade Educativa.

Art.2-Principios dinamizadores.

A organización e o funcionamento do Centro responderán aos seguintes principios:

1. O carácter do Centro
2. A plena realización da oferta educativa contida no Carácter Propio do Centro
3. A configuración do Centro como Comunidade Educativa

O Centro docente privado-concertado denominado COLEXIO MONTEGRANDE está ubicado na Coruña, Estrada de Nueva York, nº 162

Art.3-Sostemento do Centro con fondos públicos.

O Centro está acollido ao réxime de concertos educativos regulado no Título IV da LODE, Título V da LOCE e nas súas normas de desenvolvemento.

TÍTULO I

DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Art.4-Membros.

1. O Centro configúrase como unha Comunidade Educativa integrada polo conxunto de persoas que, relacionadas entre sí e implicadas na acción educativa, comparten e enriquecen os obxetivos do Centro.
2. No seo da Comunidade Educativa as funcións e responsabilidades son diferenciadas pola peculiar aportación que realizan ao proxecto común da Entidade Titular os alumnos, os profesores, os pais, o persoal de administración e servizos e outros colaboradores.

Art.5-Dereitos.

Os membros da Comunidade Educativa teñen dereito a:

1. Ser respetados nos seus dereitos e na súa integridade e dignidade persoais.
2. Coñecer o Carácter Propio, o Proxecto Educativo e o Regulamento de Réxime Interior do Centro.
3. Participar no funcionamento e na vida do Centro, en conformidade co disposto no presente Regulamento
4. Celebrar reunións dos respectivos estamentos no Centro para tratar asuntos da vida escolar, previa autorización da Entidade Titular
5. Constituír Asociacións dos membros dos respectivos estamentos da Comunidade

- Educativa conforme o disposto na lei.
6. Presentar peticións e queixas formuladas por escrito ante o órgano que, en cada caso, corresponda.
 7. Reclamar ante o órgano competente naqueles casos en que sexan conculcados os seus dereitos.
 8. Exercer aqueles outros dereitos recoñecidos nas leis, no Carácter Propio do Centro e no presente Regulamento.

Art.6-Deberes

Os membros da Comunidade Educativa están obrigados a:

1. Aceptar os dereitos da Entidade Titular, dos alumnos, dos profesores, dos pais, do persoal de administración e servizos e do outros membros da Comunidade Educativa.
2. Respetar o Carácter Propio, o Proxecto Educativo, o presente Regulamento, as normas de convivencia e outras normas de organización e funcionamento do Centro.
3. Respetar e promover a imaxe do Centro.
4. Asistir e participar nas reunións dos órganos dos que formen parte.

Art.7-Normas de convivencia

1. As normas de convivencia do Centro definen as características das condutas que deben promoverse para lograr:
 - a) O crecemento integral da persoa
 - b) Os fins educativos do Centro en desenvolvemento do Carácter Propio
 - c) O desenvolvemento da Comunidade Educativa
 - d) Un bo ambiente educativo e de relación no Centro
 - e) O respecto aos dereitos de todas as persoas que participan na acción educativa
2. Son normas xerais de convivencia do Centro
 - a) O respecto á integridade física e moral e aos bens das persoas que forman a Comunidade Educativa, e daquelas outras persoas e institucións que se relacionan co Centro na realización das actividades e servizos do mesmo.
 - b) A tolerancia ante a diversidade e a non discriminación.
 - c) A corrección no trato social, mediante o emprego dunha linguaxe correcta.
 - d) A interese por desenvolver o propio traballo e función con responsabilidade.
 - e) O respecto polo traballo e función dos membros da Comunidade Educativa.
 - f) A cooperación nas actividades educativas e onviviales.
 - g) A boa fe e a lealdade no desenrolo da vida escolar.
 - h) O coidado no aseo e imaxen persoal e a observancia das normas do Centro sobre esta materia.
 - i) A actitude positiva ante os avisos e correccións.
 - j) A adecuada utilización do edificio, mobiliario, instalacións e material do Centro, conforme ao seu destino e normas de funcionamento, así como o respecto á reserva de acceso a determinadas zoas do Centro.
3. Son normas de convivencia específicas para o alumnado:
 - a) Os atrasos en chegar a clase deben xustificarse na axenda ao titor e deberán ser anotados polo profesor no parte do día.

- b) As faltas de asistencia a clase deben ser xustificadas por escrito polo responsable do alumno, aínda que previamente houbera aviso telefónico.
- c) Nas horas de entrada, os alumnos deben dirixirse directamente á súa clase correspondente, sen deterse nos corredores.
- d) Entre clase e clase non se debe saír aos corredores nin tampouco ir aos servizos. Se de verdade se tivese necesidade, terase que pedir permiso ao profesor unha vez que a clase comece.
- e) Por estética e limpeza non se permite o consumo de chicles, pipas, etc, dentro do Colexio e dos pavillóns deportivos.
- f) Está totalmente prohibido en todo o recinto escolar que os alumnos fumen. As infraccións serán notificadas aos pais dos alumnos.
- g) Durante as horas de clase non está permitido o uso dos teléfonos móbiles o calquera outro aparello que poida ocasionar distracción no estudio.
- h) Os alumnos deben asistir ás clases correctamente vestidos. Polo tanto o alumnado deberá utilizar o uniforme sen ningunha variante que altere a configuración do mesmo e os días de educación física o correspondente uniforme deportivo.
- i) Non está permitido a entrada ao recinto escolar a persoas alleas ao Centro sen permiso da persoa competente.
- j) É de obrigado cumprimento o coidado e entrega nas debidas condicións dos libros de préstamo.

CAPÍTULO I DO TITULAR

Art.8-Titular

O Centro funciona como sociedade baixo o nome de MONTEGRANDE S.L.

Art.9-Competencias do Titular

1. Decidir a suscripción dos concertos a que se refiren a LODE e a LOCE, e promover a súa modificación e extinción.
2. Incorporar, contratar, nomear e cesar ao persoal do Centro establecendo o proceso de selección do persoal.
3. Establecer calquer cambio substancial do horario, número de aulas e modalidade de xornada escolar.
4. Nomear e cesar aos órganos unipersonais de goberno e xestión do Centro e aos seus representantes no Consello da Comunidade Educativa, de conformidade co sinalado no presente Regulamento e na normativa vixente.
5. Tutelar e responsabilizarse do Patrimonio inmobiliario e do mobiliario de gran valor.
6. Establecer o Carácter Propio do Centro, garantir o seu respecto e dinamizar a súa efectividade.
7. Promover a elaboración do Proxecto Educativo do Centro e propor a súa aprobación no Consello da Comunidade Educativa.
8. Promover e propor o Regulamento de Rexime Interno para a súa aprobación no Consello da Comunidade Educativa e establecer as súas normas de desenvolvemento e execución.
9. Dirixir o Centro, ostentar a súa representación e asumir a responsabilidade da súa organización e xestión.

10. Ordear a xestión económica do Centro.
11. Decidir a solicitude de autorización de novas ensinanzas e a modificación e extinción da autorización existente.
12. Decidir a prestación de actividades e servizos
13. Nomear e cesar aos órganos de coordinación da acción educativa, de conformidade co indicado no presente Regulamento.
14. Ter a iniciativa en materia de disciplina de alumnos por transgresiones graves.
15. Desenrolar e concretar as normas de convivencia aprobadas polo Consello da Comunidade Educativa.

Art.10-Obrigas do Titular.

A Entidade Titular está obrigada a :

- a) Dar a coñecer o Carácter Propio, o Proxecto Educativo e o Regulamento do Réxime Interno do Centro.
- b) Responsabilizarse do funcionamento e xestión do Centro cara a Comunidade Educativa, a Sociedade e as Administracións Públicas.
- c) Cumprir as normas reguladoras da autorización do Centro, da ordeación académica e dos concertos educativos.

Competencias do Representante da Titularidade

1. Representar ao Centro ante a Administración e outros organismos.
2. Responder do funcionamento do Centro e da súa xestión económica ante a Titularidade, Administración e os membros da Comunidade Educativa.
3. Manter o Carácter Propio e tutelar a liña pedagóxica sinalada pola Titularidade.
4. Asinar os concertos educativos coa Administración
5. Exercer aqueles dereitos recoñecidos nas leis, no Carácter Propio e no Regulamento de Réxime Interno.
6. Velar polos dereitos recoñecido aos pais, profesores, alumnos e persoal de administración e servizos na lexislación vixente.
7. Nomear e cesar os representantes da Titularidade no Consello Escolar.
8. Velar polo cumprimento do proceso de selección de persoal elaborado pola Titularidade e nos niveis concertados de acordo co Consello Escolar do Centro.
9. Contratar ao Persoal Docente e non Docente e exercer, en calidade de empresario, os dereitos derivados da relación laboral.
10. Velar, segundo o lexislado, a intervención dos pais, profesores e alumnos no control e xestión do Centro.
11. Revisar os activos de tesourería do Colexio, sendo imprescindible a súa sinatura, ou a do seu delegado, ou no seu caso de ambos.
12. Ter acceso, persoalmente ou a través dun delegado, a toda a documentación do Centro, como responsable da empresa educativa.
13. Estar informado permanentemente do estado económico do Centro e de todas as políticas de futuro (comercial, orzamentaria, inmobiliaria, de contratos, etc) que o Xerente teña en proxecto.

CAPÍTULO II DOS ALUMNOS

Art.11-Alumnos

Os alumnos son os principais protagonistas da súa educación, interveñen activamente na vida do Centro segundo as esixencias da idade e asumen nela responsabilidades proporcionais a súa capacidade.

Art.12-Dereitos dos alumnos

Os alumnos teñen dereito a :

1. Recibir unha formación integral que contribúa e garante o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
2. Desenvolvemento a súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
3. No ser discriminados por razóns de sexo, raza, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así mesmo que por discapacidade física, psíquica ou outra condición.
4. Ser valorado e avaliado no seu rendemento escolar conforme a criterios obxectivos.
5. Ser respetado na súa integridade física e moral, sen ser obxecto de tratos vexatorios, denigrantes, intimidatorios ou violentos.
6. Participar na vida escolar do Centro elixindo os seus representantes.
7. Estar representados no Consello Escolar
8. Utilizar as instalacións e material do Centro coas limitacións propias previstas na Programación do mesmo.
9. Recibir orientación escolar e profesional
10. Recibir a información que lles permita optar a posibles axudas compensatorias de carencias de tipo familiar, económico e sociocultural, así como de protección social nos casos de accidente ou infortunio familiar.
11. Ser respectados na súa intimidade no tratamento dos datos persoais de que dispón o Centro que, pola súa natureza, sexan confidenciais.
12. Continuar a súa relación co Centro unha vez conclúan os seus estudos no mesmo.

Art.13-Deberes dos alumnos

Os alumnos están obrigados a:

1. Observar unha actitude responsable nos seus traballos de estudantes.
2. Participar nas actividades formativas, especialmente as orientadas ao desenvolvemento dos currículos.
3. Seguir as directrices do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe.
4. Asistir a clase con puntualidade e cumprir o calendario escolar
5. Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais do resto dos membros da Comunidade Educativa, así como a dignidade, integridade e intimidade dos mesmos
6. Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do Centro.
7. Esforzarse por superar os niveis mínimos de rendemento académico.
8. Adquirir os hábitos que lles fagan recoñecer, respectar e apreciar os valores dos dereitos fundamentais da persoa e da convivencia.

9. Usar con corrección o mobiliario, as instalacións e o material didáctico que o Centro pon a súa disposición.
10. Respetar aos compañeiros, profesores, persoal non docente e colaborar con eles na creación dun clima de convivencia e solidariedade que favoreza o traballo escolar

Art.14-Participación dos alumnos.

1. Os alumnos interveñen na vida do Centro a través do propio traballo escolar e da participación activa no funcionamento da súa clase.
2. Tamén interveñen expresando os seus intereses e inxerencias aos titotes e profesores respectivos, intercambiando puntos de vista co Titor sobre a marcha da clase, organizando actividades, etc.
3. Participar no Consello Escolar a través dos seus representante, elixidos por eles mesmos.

Art.15-Representación de alumnos

1. Os alumnos elixirán Delegados e Subdelegados de clase.

CAPÍTULO III DOS PROFESORES

Art.16-Profesores

1. Os profesores son os primeiros responsables da ensinanza dende as respectivas materias e comparten a responsabilidade global da acción educativa na súa dimensión humana, científica e transcendente, xunto cos demais estamentos da Comunidade Educativa.
2. Están obrigados a coñecer e respectar o contido do Carácter Propio e a colaborar co Titular e cos pais dos alumnos, de acordo con canto establece este Regulamento.

Art.17-Dereitos dos profesores

Os profesores teñen dereito a:

1. Desempeñar libremente a función docente, de acordo coas características do posto que ocupan.
2. Suá formación permanente.
3. Participar na elaboración das Programacións de Etapa.
4. Utilizar os medios instrumentais e materiais e instalacións do Centro para os fins educativos conforme ás normas reguladoras do seu uso.
5. Desenvolver a súa metodoloxía de acordo coa Programación Xeral e a Programación de Etapa
6. Exercer libremente a súa acción avaliadora de acordo cos criterios establecidos no Proxecto Curricular de Etapa.
7. Gozar do respecto e consideración a súa persoa e á función que desempeñan.

8. Participar na xestión do Centro a través do Claustro de Profesores e dos representantes elixidos para formar parte do Consello Escolar.
9. Reunirse no Centro, sen prexuízo do normal desenvolvemento das actividades docentes.
10. Presentar peticións, queixas ou recursos formulados razoablemente e por escrito ante o órgano que, en cada caso corresponda.

Art.19-Deberes dos profesores

1.- Os deberes dos profesores son os seguintes:

1. Exercer as súas funcións de acordo coa lexislación vixente e ás condicións estipuladas no seu contrato e/ou nomeamento.
2. Promover e participar nas actividades complementarias, dentro e fora do recinto educativo, programadas polos profesores e departamentos didácticos e incluídas na Programación Xeral Anual.
3. Participar na elaboración da programación específica da área ou materia que imparte.
4. Orientar aos alumnos nas técnicas de traballo e de estudo específico da súa área ou materia.
5. Guardar sixilo profesional.
6. Colaborar na elaboración, aplicación e avaliación da programación xeral de acordo coas orientacións do Equipo Directivo.
7. Cooperar no cumprimento dos obxectivos do Proxecto Educativo do Centro respetando o Carácter Propio e seguir as directrices establecidas no Proxecto Curricular de Etapa.
8. Colaborar cos titores na formación integral dos alumnos a través da inserción do propio traballo docente na acción educativa.
9. Manter unha actitude de respecto e comprensión no trato cos alumnos e compañeiros, respectando as conviccións de cada un.
10. Participar activamente nas reunións do Claustro, nas sesións de avaliación, nos seminarios didácticos e nos actos oficiais do Centro.
11. Dar aos órganos de goberno do Centro a información que sexa solicitada sobre a realización do propio traballo docente e educativo, así como sobre calquera outro tema que afecte ao traballo escolar.
12. Cumprir puntualmente o calendario escolar e o horario escolar, e colaborar na creación dun clima de orde e disciplina entre os alumnos.
13. Manter actualizada a súa formación.

2.- Son funcións do profesorado:

1. A contribución a que as actividades do Centro se desenrolen nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos os valores propios dunha sociedade democrática.
2. A tutoría dos alumnos para dirixir a súa aprendizaxe, transmitirles valores e axudarlles, coa colaboración dos pais, a superar as súas dificultades.
3. A colaboración cos servizos ou departamentos de orientación, no proceso de orientación educativa, académica e profesional dos alumnos.
4. A coordinación das actividades docentes e participación na actividade xeral do Centro

Art.20-Réxime disciplinario dos profesores

1. O Director velará polo adecuado cumprimento das obrigas dos profesores. No caso de faltas reiteradas, dará a oportuna información ao Titular para que tome as decisións que considere convintes en cada caso, de acordo coa lexislación vixente.
2. É causa de sanción disciplinaria, con independencia das sinaladas na normativa aplicable en cada caso, o incumprimento das obrigas establecidas no artigo anterior do presente Regulamento.
3. O despido por motivos disciplinarios compete ao Titular, quen terá que recabar o pronunciamento do Consello Escolar que o adoptará mediante acordo motivado da maioría absoluta dos seus membros.
No caso de que a maioría absoluta do Consello Escolar se pronuncie en contra do despido, reunirse inmediatamente a Comisión Conciliadora a que se refire o artigo do presente Regulamento.
4. O remate da actividade docente do profesorado sen relación laboral non terá carácter de despido.

CAPÍTULO IV DOS PAIS DOS ALUMNOS

Art.21-Pais dos alumnos

Os pais son os primeiros responsables da educación dos seus fillos. A colaboración activa na tarefa formativa do Centro realízase, de modo especial, a través da Asociación de Pais de Alumnos e do Consello Escolar.

Art.22-Dereitos dos pais de alumnos

Os pais e titores de alumnos teñen dereito a:

1. Que os seus fillos reciban unha educación integral tal como está definida no Carácter Propio do Centro e no Proxecto Educativo do Centro.
2. Que os seus fillos reciban unha educación coas máximas garantías de calidade, en consoancia cos fins establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía e nas leis educativas.
3. Coñecer o funcionamento do Centro e o desenvolvemento da programación xeral.
4. Participar nos asuntos relacionados co desenrolo do proceso educativo dos seus fillos no Centro.
5. A estar informados sobre o progreso de aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos.
6. Manter relación, dentro do horario establecido, cos titores e profesores, en ord a promover conxuntamente a formación integral dos alumnos, de acordo con canto se establece neste Regulamento.
7. A ser escoitados naquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos.
8. Elixir os seus representantes no Consello Escolar para intervir no control e xestión do

- Centro.
9. Asociarse e participar nas actividades que a Asociación organice.
 10. Celebrar reunións no Centro para tratar asuntos relacionados coa educación dos seus fillos, previa autorización do Director, sempre que non interfiran no normal desenvolvemento das actividades do Centro.
 11. Presentar propostas ou recursos ao órgano de goberno unipersoal ou colexiado que corresponda en cada caso

Art.23-Deberes dos pais de alumnos

Os deberes dos pais de alumnos en relación co Centro son os seguintes:

1. Coñecer e aceptar ou respectar o modelo educativo do Centro tal como está definido no seu Carácter Propio e nas normas contidas no presente Regulamento.
2. Respectar o exercicio das competencia técnica-profesionais do persoal do Centro.
3. Procurar a axeitada colaboración entre a familia e o Centro, co fin de acadar unha maior efectividade na tarefa educativa. A tal efecto:
4. Apoiar as decisións da Dirección e do Consello Escolar no marco das respectivas competencias e expresar así a súa corresponsabilidade e colaboración positiva na xestión do Centro.
5. Xustificar, por escrito, as faltas de asistencia ou puntualidade dos seus fillos.
6. Cumprir as obrigas que se derivan da relación contractual co Centro.

Art.24-Participación dos pais de alumnos.

1. A participación dos pais de alumnos na xestión do Centro realizarase a través dos seus representantes no Consello Escolar e da Asociación de Pais de Alumnos.
2. A Asociación de Pais de Alumnos colaborará coa dirección do Centro co fin de conseguir que a educación que este ofrece promova o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos de acordo coa lexislación vixente, o Carácter Propio e o contido do presente Regulamento.
3. A Asociación de Pais de Alumnos poderá utilizar os locais do Centro, previa autorización do Director, co fin de garantir o normal desenvolvemento da actividade escolar.

CAPÍTULO V PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Art.25-Dereitos

El persoal de Administración e Servizos ten dereito a:

1. Ser integrado como membro da Comunidade Educativa
2. Ser informados acerca dos obxectivos e organización xeral do Centro e participar na súa execución naquilo que lles afecte.
3. A súa formación permanente.

Art.26-Deberes

El persoal de Administración e Servizos está obrigado a:

1. Exercer as súas funcións dacordo ás condicións estipuladas no seu contrato e/ou nomeamento.
2. Procurar o seu perfeccionamento profesional

Art.27-Nomeamento e cese

O persoal de Administración e Servizos será nomeado e cesado pola Entidade Titular do Centro.

CAPÍTULO VI LA PARTICIPACIÓN

Art.28-Características

A participación no Centro caracterízase por ser:

1. A condición básica do funcionamento do Centro e o instrumento para a efectiva aplicación do seu Carácter Propio e Proxecto Educativo.
2. Diferenciada, en función da diversa aportación ao proxecto común dos distintos membros da Comunidade Educativa.

Art.29-Ámbitos

Os ámbitos de participación no Centro son:

1. O persoal
2. Os órganos colexiados
3. As asociacións
4. Os delegados

Art.30-Ámbito persoal

Cada un dos membros da Comunidade Educativa participa na consecución dos obxectivos do Centro.

Art.31-Órganos colexiados

- 1.Os distintos membros da Comunidade Educativa participan nos órganos colexiados do Centro segundo o sinalado nos Títulos Terceiro y Cuarto do presente Regulamento.
- 2.A Entidade Titular poderá constituir Consellos para a participación dos membros da Comunidade Educativa nas áreas que se determinen.

Art. 32.-Asociacións.

1. Os distintos estamentos da Comunidade Educativa poderán constituir Asociacións, conforme á lexislación vixente, coa finalidade de:

- a) Promover os dereitos dos membros dos respectivos estamentos.
- b) Colaborar no cumprimento dos seus deberes.
- c) Coadyuvar na consecución dos obxectivos do Centro plasmados no Carácter Propio e no Proxecto Educativo.

2. As Asociacións terán dereitoa:

- a) Establecer seu domicilio social no Centro.
- b) Participar nas actividades educativas do Centro de conformidade co que se estableza no Proxecto Curricular da Etapa.
- c) Celebrar reunións no Centro, para tratar asuntos da vida escolar, e realizar as súas actividades propias previa a oportuna autorización da Entidade Titular. Dita autorización concederase sempre que a reunión ou as actividades no interfiran co normal desenvolvemento da vida do Centro e sen perxuízo da compensación económica que, no seu caso, proceda.
- d) Propoñer candidatos do seu respectivo estamento para o Consello da Comunidade Educativa, nos termos establecidos no Título Terceiro do presente Regulamento.
- e) Recabar información dos órganos do Centro sobre as cuestións que lles afecten.
- f) Presentar suxerencias, peticións e queixas formulados por escrito diante do órgano que, en cada caso, corresponda.
- g) Reclamar diante o órgano competente naqueles casos en que sexan conculcados os seus dereitos
- h) Exercer aqueles dereitos recoñecidos nas leis, no Carácter Propio do Centro e no presente Regulamento.

3. As Asociacións están obrigadas a cumprir os deberes e normas de convivencia sinalados nos artigos 6 y 7 do presente Regulamento e os deberes propios do respectivo estamento.

Art. 33.-Delegados.

Os alumnos e os pais poderán elixir democráticamente delegados de clase, curso e etapa polo procedemento e coas funcións que determine a Entidade Titular do Centro.

TÍTULO II ACCIÓN EDUCATIVA

Art. 34.-Principios.

1. A acción educativa do Centro artículase en torno ao Carácter Propio, a lexislación aplicable, as características dos seus axentes e destinatarios, os recursos do Centro e o entorno no que se encontra.

2. Os membros da Comunidade Educativa, cada un segundo a súa peculiar aportación, son

os protagonistas da acción educativa do Centro.

3. A acción educativa do Centro integra e interrelaciona os aspectos académicos, formativos, e aqueles outros orientados á consecución dos obxectivos do Carácter Propio do Centro.

Art. 35.-Carácter Propio.

1. A Entidade Titular dota ao Centro do seu Carácter Propio y o modifica.

2. O Carácter Propio do Centro define:

- a) A natureza, características e finalidades fundamentais do Centro, a razón da súa fundación.
- b) A visión do home que orienta a acción educativa.
- e) Os valores, actitudes e comportamentos que se potencian no Centro.
- d) Os criterios pedagóxicos básicos do Centro.
- e) Os elementos básicos da configuración organizativa do Centro e a súa articulación en torno á Comunidade Educativa.

Art. 36.-Proxecto Educativo de Centro.

1. O Proxecto Educativo prioriza os obxectivos do Carácter Propio do Centro para un período de tempo determinado, respondendo ás demandas que se presentan con maior relevancia á luz do análise de:

- a) As características dos membros da Comunidade Educativa.
- b) O entorno inmediato no que se ubica o Centro.
- e) A realidade social, local, autonómica, nacional e internacional.

2. O Proxecto Educativo é aprobado polo Consello Escolar a proposta da Entidade Titular do Centro. Na súa elaboración participan todos os membros da Comunidade Educativa, as súas Asociación e os órganos de goberno e participación, xestión e de coordinación do Centro, de conformidade ao procedemento que estableza o Equipo Directivo. Dirixe a súa elaboración, execución e avaliación o Director.

3. O grao de consecución do Proxecto Educativo será un indicador esencial do nivel de calidade da oferta realizada polo Centro.

Art. 37.- Proxecto Curricular de Etapa.

1. O Proxecto Curricular da Etapa adapta as finalidades que deben desenrolarse na etapa integrando, interrelacionadas, as distintas facetas da acción educativa do Centro, de acordo co seu Proxecto Educativo.

2. O Proxecto Curricular da Etapa incluirá, ao menos:

- a) A concreción dos obxectivos da etapa.
- b) A secuenciación dos contenidos.
- c) A metodoloxía pedagóxica.
- d) Os criterios de avaliación e promoción.
- e) As medidas para atender á diversidade.
- f) As medidas de coordinación de cada área ou materia co resto das ensinanzas impartidas no Centro.
- g) Os principios de organización e funcionamento das titorías.

3. O Proxecto Curricular de Etapa é aprobado pola Sección do Claustro da Etapa e polos educadores que participan nas accións académicas ou formativas dos alumnos da etapa, de conformidade ao procedemento que determine o Equipo Directivo. Dirixe a súa elaboración, execución e avaliación o Director.

Art.38.-Programación de Aula.

Os profesores realizarán a programación de aula de conformidade ás determinacións do Proxecto Curricular da Etapa e en coordinación cos outros profesores do mesmo ciclo ou curso y Seminario.

Art. 39.-Avaliación.

1. A avaliación da acción educativa é o instrumento para a verificación do cumprimento dos obxectivos do Centro e a base para a adopción das correccións que sexan pertinentes para un mellor logro dos seus fins.

2. A avaliación da acción educativa abarca todos os aspectos do funcionamento do Centro.

3. Na avaliación da acción educativa participará toda a Comunidade Educativa. Dirixe a súa elaboración e execución o Director.

Art.40.-Programación Xeral Anual do Centro.

1. A Programación Xeral Anual do Centro, baseada na avaliación e dinámica do mesmo e do seu entorno, incluirá:

- a) As modificacións das Programacións da Etapa derivadas do resultado da avaliación do mesmo.
- b) Os horarios dos alumnos e a organización básica do profesorado.
- e) As accións de formación permanente do profesorado.
- d) O procedemento de avaliación dos diferentes aspectos do Centro (dirección, función docente, formativos...), incorporados o seu Proxecto Educativo.

2. A Programación Xeral Anual do Centro é elaborada e aprobada polo Equipo Directivo, a proposta do Director, previo informe do Claustro de Profesores e do Consello Escolar. Dirixe a súa elaboración, execución e avaliación o Director.

TÍTULO III **DOS ÓRGANOS DE GOBERNO PARTICIPACIÓN Y GESTIÓN DO CENTRO**

Art.41-Órganos de Goberno, participación e xestión.

- 1.Os órganos de goberno, participación e xestión do Centro son Unipersoais e Colexiados.
- 2.Os órganos de goberno e xestión desenvolverán as súas funcións promovendo os obxectivos do Carácter Propio e do Proxecto Educativo de Centro.

3.Son Órganos Unipersoais de Goberno e xestión: o Director, o Subdirector , o Coordinador ou Xefe de Estudos, o Secretario e o Administrador.

4.Son Organos Colexiados de Goberno e xestión o Equipo Directivo, o Claustro de Profesores, o Departamento de Orientación e o Equipo de Normalización Lingüística.

5.Os órganos de goberno, participación e xestión desenvolverán as súas funcións promovindo os obxectivos do Carácter Propio e do Proxecto Educativo de Centro y de conformidade coa legalidade vixente.

CAPÍTULO PRIMEIRO **ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO**

Sección Primeira. - Director

Art. 42-Director.

É o responsable de organizar a marcha xeral do Centro e de impulsar o desenvolvemento de todos os seus proxectos, garantindo a coherencia entre o Carácter Propio do Centro e o Proxecto Educativo do mesmo.

Art.43-Nomeamento y cese.

É nomeado e cesado polo Titular, informado o Consello Escolar

Art.44-Funcións.

1. Delegado do Representante da Titularidade.

a) Informar e dar a coñecer ao Centro o Carácter Propio, o Proxecto Educativo e os obxectivos xerais para que se desenvolvan.

b) Asumir as funcións que o Representante da Titularidade lle delegue.

c) Esixir o cumprimento da normativa vixente emanada das leis da Administración educativa e da propia Institución.

2. Orientador e animador do traballo educativo.

a) Convocar cunha periodicidade mínima quincenal e presidir o Equipo Directivo Educativo (EDE).

b) Convocar anualmente as sesións de planificación e avaliación do Centro.

c) Responsabilizarse da elaboración e o cumprimento do Proxecto Educativo do Centro (PEC), do Proxecto Curricular do Centro (PCC), do Regulamento de Réxime Interior (RRI), do Plan de Acción Titorial (PAT)

d) Velar pola coherencia entre o Proxecto Curricular do Centro (PCC) e os proxectos concretos das Etapas e Ciclos, e dos Departamentos e Seminarios Didácticos.

- e) Representar oficialmente ao Colexio na Xunta de Directores.
- f) Manter contactos habituais con outros Directores e co Asistente de Educación.
- g) Favorecer as iniciativas e as novas experiencias pedagóxicas no Centro.
- h) Ter coidado especial de todo o persoal do Centro de forma individualizada e da súa formación permanente e profesional.

.Sección Segunda. -Subdirector

Art.45-Subdirector.

É o responsable da marcha académica da súa sección e de promover, de forma coordinada cos demais estamentos, os obxectivos sinalados no Proxecto Educativo.

Art.46-Nomeamento y cese.

Nos niveis concertados é designado polo Consello Escolar a proposta da Titularidade según a legislación vixente, e nos niveis non concertados directamente pola Titularidade, escoitados en ambos casos o Responsable da Titularidade e o Director.

Se o Subdirector é de niveis concertados a duración do cargo será a que estableza a Administración Educativa. A substitución ou cese se pódese dar por propia vontade ou por decisión da Titularidade, de acordo co seu Representante e co Director.

Art.47 -Funcións.

1. Asumir as funcións que lle outorga a Administración Educativa e aquelas que lle delegue o Director .
2. Responder da marcha do Colexio no seu ámbito ou nivel ante o Director.
3. Formar parte do Equipo Directivo Educativo.
4. Convocar e presidir o Consello Escolar que lle corresponde e reunións de etapa (equipos docentes, claustros de profesores) e informar ao Director da convocatoria e dos acordos.
5. Colaborar dentro do Equipo Directivo Educativo (EDE) na elaboración das liñas xerais do Proxecto Curricular do Centro (PCC).
6. Promover a acción tutorial do Colexio no seu ámbito educativo.
7. Responsabilizarse da orde e disciplina dos alumnos da súa sección.
8. Facer cumprir os acordos emanados do Consello Escolar.
9. Selar e asinar os documentos e actas oficiais pertinentes e vixiar os certificados académicos.
10. Presentar no Equipo Directivo a avaliación das actividades realizadas e o logro dos obxectivos programados no seu ámbito.
11. Motivar, estimular, orientar e avalar o traballo do Departamento de Orientación, na súa etapa, como eixe transversal da nosa escola.
12. Propor o nomeamento de Coordinadores de etapa ao Director.
13. Coordinar as liñas de actuación pedagóxica e didáctica, así como a metodoloxía dos profesores.
14. Presentar ao Director as innovacións pedagóxicas en proxecto, as necesidades de formación do profesorado e as decisións tomadas nas reunións de etapa, para o seu cofiecemento e aprobación no seu caso.
15. Convocar e reunir periodicamente ao profesorado de Etapa, co fin de estimular a actividade pedagóxica.
16. Manter entrevistas periódicas co profesorado en relación ás competencias que lles son propias.
17. Organizar os seminarios didácticos na súa etapa e propor ao Director a creación, entre outros, de talleres didácticos interdisciplinares.
18. Nomear os coordinadores de ciclo e os titores, oído o parecer do Director.
19. Coidar da organización e do funcionamento de Etapa para desenvolver o Proxecto

Curricular do Centro (PCC).

20. Elaborar o cadro horario de clases, de acordo coas directrices do Director.
21. Conceder permisos de ausencia do traballo aos profesores cando se trate de media xornada, de acordo co Convenio, informando diso ao Director e ao Xerente, e demandando permiso no Director se é máis de media xornada.
22. Solucionar as substitucións entre profesores e establecer os criterios para iso.
23. Propor ao Consello Escolar, e no seu caso ao Equipo Directivo Educativo, as sancións graves para os alumnos, de acordo coa lei e co Regulamento de Réxime Interior (RRI).
24. Recadar información nos Titores sobre o rendemento académico dos alumnos.
25. Convocar e participar nas sesións de avaliación dos alumnos.
26. Redactar un informe xeral de avaliación da súa etapa, ao final do curso escolar, que presentará ao Director.
27. Manter as relacións oficiais co Servizo de Inspección Técnica de Educación (SITE) e responsabilizarse da marcha legal da sección.
28. Manter ao día por si ou por outros a documentación da súa etapa.
29. Convocar regularmente aos delegados de curso e nos representantes de comisións, promovendo a participación.
30. Relacionarse con outros Centros, cos Centros de Profesores e Recursos (CPR) e cos Departamentos na acción Pedagóxica, Educativa, e facilitar a adecuada coordinación cos servizos formativos da zona.
31. Comunicarse cos pais de familia sempre que sexa necesario para informalos das orientacións da súa sección.
32. Participar na elaboración dos orzamentos do Centro e estar informado do desenvolvemento e dos proxectos económicos da súa sección.
33. Colaborar co responsable da media pensión (comedor escolar) do Centro, de cara a conseguir un bo funcionamento educativo e formativo deste servizo.
34. Autorizar, previo acordo co Director, o calendario da celebración de actos e reunións cos alumnos da sección, en canto a saldas culturais, viaxes, convivencia cos alumnos de Etapa, etc.

Sección Tercera. - Xefe de Estudos

Art.48-Xefe de Estudos.

É o responsable da coordinación escolar do Centro.

Art.49-Nomeamento y cese.

É nomeado e cesado polo Equipo Directivo entre os profesores do Centro.

Art.50-Funcións.

1. Responder ao funcionamento ordinario da súa sección ante o Director.
2. Colaborar co Director no cumprimento da programación anual e a súa avaliación final mediante a Memoria correspondente.
3. Esixir, por delegación do Director e baixo a súa autoridade, ao profesorado da súa sección o cumprimento das súas obrigas no relativo ao réxime académico.
4. Coordinar as actividades de carácter académico da súa sección e velar polo cumprimento dos horarios.
5. Colaborar co Departamento de Orientación na coordinación dos titores.
6. Facilitar a participación democrática dos alumnos nos órganos e actividades do Centro: Consello Escolar, Delegados de Curso, Comisións...

7. Favorecer a convivencia no Centro e garantir o cumprimento das normas disciplinares. É o responsable inmediato, xunto cos titores e profesores, da disciplina dos alumnos da sección.
8. Desempeñar calquera outra función que lle poida ser encomendada polo Director, dentro do ámbito da súa competencia.
9. Propor ao Director o material necesario.
10. Coñecer os partes de asistencia dos alumnos.
11. Coñecer os partes de asistencia dos profesores e facer as correspondentes suplencias.
12. Supervisar as Avaliacións.
13. Coordinar as actividades deportivas e extraescolares de acordo co Club e o ANPA.

Sección Cuarta. -Administrador

Art.51.Administrador

É o responsable da xestión económica do Centro. Exerce a súa función no nome do Titular

Art.52-Nomeamento e cese.

É nomeado e cesado polo Titular.

Art.53-Funcións.

- 1.- Elaborar o Orzamento do Centro e a rendición de contas.
- 2.- Informar ao Titular da xestión económica.
- 3.- Presentar e pagar as nóminas do persoal docente e non docente.
- 4.- Coordinar Administración e Servizos.
- 5.- Tramitar encargos de compras, ordear pagos, etc.
- 6.- Preparar os contratos de traballo.
- 7.- Recaudar e liquidar as Tasas Académicas e Administrativas, subvencións, etc.

Sección Quinta. - O Secretario

Art.54-Secretario.

É o responsable do arquivo documental do Centro nos aspectos académicos e realiza as súas funcións en dependencia do Director.

Art.55-Nomeamento y cese.

É nomeado e cesado polo Director, informado o Consello Escolar

Art.56-Funcións.

- 1.- Organizar administrativamente o Centro baixo as directrices do Director.
- 2.- Levantar actas de sesións e dar fe dos acordos.
- 3.- Custodiar os Libros e Arquivos.
- 4.- Despachar a correspondencia oficial.
- 5.- Redactar a Memoria Anual.
- 6.- Dirixir ao persoal adscrito á Secretaría.
- 7.- Actuar como secretario nas reunións do Claustro, Consello Escolar...

CAPÍTULO SEGUNDO

ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

Sección Primera. - Equipo Directivo

Art.57-Equipo Directivo.

O Equipo Directivo Educativo é o máximo órgano de dirección do Centro Escolar que impulsa a acción educativa xeral do Centro.

Art.58-Composición do Equipo Directivo.

Estará formado por:

1. O Director
2. O Subdirector
3. Xefes de Estudos da E.I., E.P. e da E.S.O.
4. Secretaria.
5. Coordinadores deportivos, culturais e psicopedagóxicos

FUNCIÓNS:

1. Impulsar a participación dos distintos estamentos da Comunidade Educativa.
2. Establecer de acordo co Carácter Propio, as liñas xerais de acción educativa.
3. Elaborar e revisar o Proxecto Educativo do Centro (PEC), de acordo co Carácter Propio, para a súa aprobación pola Titularidade.
4. Impulsar a elaboración do Proxecto Curricular do Centro (PCC), do Plan de Acción Titorial (PAT) e do Regulamento de Réxime Interior (RRI), a proposta do Titular, e velar polo seu cumprimento.
5. Asesorar ao Director no exercicio das súas funcións.
6. Preparar os asuntos que deban tratarse en el Consejo Escolar.
7. Analizar e valorar o proceso educativo e o rendemento académico dos alumnos.
8. Coordinar e revisar o desenvolvemento dos diferentes aspectos do funcionamento do Centro en orde a realización dos seus obxectivos.
9. Elaborar, aprobar controlar a súa execución, así como avaliar a Programación Xeral Anual do Centro, a proposta do Director
10. Propor á Comunidade Educativa a actuación que favoreza as relacións entre os distintos colectivos que a integran e mellorar a convivencia no Centro.

11. Supervisar a ordenación económica e administrativa do centro escolar:

Art.59-Réxime de funcionamento do Equipo Directivo.

- 1.O Director convoca e preside as reunións do Equipo Directivo Educativo, con Orde do día.
2. O Equipo Directivo Educativo reunirase polo menos cada quince días.
3. Elixirase un secretario entre os membros do E.D.E., que levantará acta de todo o tratado e decidido nas reunións e arquivará o contido das mesmas.

Sección Segunda. Consello Escolar

Art.60-Consello Escolar.

É o órgano de goberno a través do cal os distintos estamentos da Comunidade Educativa interveñen no control e xestión do Centro no marco previsto na normativa vixente e de conformidade co establecido no presente Regulamento.

Art.61-Composición do Consello Escolar.

Estará constituído por:

- a) O Director a proposta do Titular
- b) Tres representantes do Titular do Centro.
- c) Catro representantes dos profesores.
- d) Catro representantes dos pais dos alumnos.
- e) Dous representantes dos alumnos do Segundo Ciclo da ESO.
- f) Un representante do persoal de administración e servizos.

Actuará de Secretario a persoa que se designe de entre os membros asistentes no mesmo.

Art.62-Designación dos membros do Consello Escolar.

A elección e nomeamento dos representantes dos profesores, dos pais, dos alumnos e do persoal de administración e servizos no Consello Escolar, e a cobertura provisional de vacantes de ditos representantes, realizarase conforme no procedemento que determine a Entidade Titular do Centro.

Art.63-Competencias do Consello Escolar.

Son competencias do Consello Escolar:

1. Intervir na designación e cese do Director a proposta da Titularidade.
2. Establecer as directrices e elaborar propostas para a elaboración do Proxecto Educativo de Centro, aprobalo, avalialo e, se é o caso, introducir modificacións.
3. Aprobar, a proposta do Titular, o Orzamento Anual do Centro, e a rendición anual de contas, no que se refire tanto aos fondos que proveñen da Administración coma ás aportacións autorizadas.
4. Aprobar, a proposta do Titular, o Regulamento de Réxime Interior do Centro.

5. Informar a Programación Xeral Anual do Centro que elaborará e aprobará o Equipo Directivo.
6. Propor, no seu caso, á Administración, a autorización para establecer percepción complementarias nos pais de alumnos por la realización de actividades escolares complementarias en niveis concertados.
7. Aprobar, no seu caso, a proposta da Entidade Titular, as aportacions dos pais dos alumnos para a realización de actividades extraescolares.
8. Participar na aplicación da liña pedagóxica global do Centro e fixar as directrices para desenvolvemento das actividades escolares complementarias, actividades extraescolares y servizos escolares.
9. Establecer os criterios sobre a participación do Centro en actividades culturais, deportivas e recreativas, así como naquelas accións asistenciais ás que o Centro puidera prestar a súa colaboración.
10. Establecer relacións de colaboración con fins culturais e educativos con outros centros, entidades e organismos.
11. Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da evolución que do centro realice a Administración educativa.
12. Intervir na selección e despido do profesorado de acordo coa proposta do Titular.
En relación coas competencias a que se refieren os puntos 5, 6 e 9, o Consello Escolar poderá aprobar ou rexeitar as propostas pero non modificalas.
13. Elaborar informes, por petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e sobre aspectos relacionados coa súa actividade.
14. Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar porque estas se atean á normativa vixente.
15. Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipamento escolar.

Art.64-Réxime de funcionamento do Consello Escolar.

O funcionamento do Consello Escolar do Centro rexirase polas seguintes normas:

1. As reunións do Consello Escolar serán convocadas polo Director. Preside o Consello o Director. A convocatoria realizarase, polo menos, con oito días de antelación e irá acompañada da orde do día. Cando a urxencia do caso o requira, a convocatoria poderá realizarse con vintecatro horas de antelación.
2. O Consello Escolar reunirse ordinariamente tres veces no ano coincidindo con cada un dos tres trimestres do curso académico. Con carácter extraordinario reunirse a iniciativa do Presidente, á súa instancia ou á solicitude da Entidade Titular ou, polo menos, da metade dos membros do Consello.
3. Os conselleiros electivos renovaranse por metade cada dous anos. As vacantes que se produzan con anterioridade ao remate do prazo do mandato cubriranse tendo en conta, no seu caso, o previsto no artigo 62 do presente Regulamento. Neste suposto o substituído serao polo restante tempo de mandato do substituído.
4. O Consello Escolar quedará validamente constituído cando asistan á reunión a metade máis un dos seus compoñentes.
5. Ás deliberacións do Consello poderán ser convocados polo Presidente, con voz pero sen voto, os demais órganos unipersoais e aquelas persoas cuxo informe ou asesoramento estime oportuno.
6. Os acordos deberán adoptarse, polo menos, polo voto favorable da metade máis un dos presentes, salvo que, para determinados asuntos, sexa esixida outra maioría. En caso de empate, o voto do Presidente será dirimente.
7. Todos os membros terán dereito a formular votos particulares e a que quede constancia dos mesmos nas Actas.
8. As votacións serán secretas cando se refiran a persoas ou o solicite un tercio dos asistentes

- con dereito a voto.
9. Todos os asistentes gardarán reserva e discreción dos asuntos tratados.
 10. De todas as reunións o Secretario levantará Acta, quedando a salvo o dereito a formular e esixir, na seguinte reunión, as correccións que procedan. Unha vez aprobada, será suscrita polo Secretario, que dará fe co visto bo do Presidente.
 11. A non asistencia dos membros do Consello Escolar ás reunións do mesmo deberá ser xustificada ante o Presidente.
 12. De común acordo entre a Entidade Titular do Centro e o Consello Escolar poderán constituír Comisións con composición, competencias, duración e réxime de funcionamento que se determinen no acordo de creación.
 13. Os representantes dos alumnos no Consello Escolar participarán en todas as deliberacións do mesmo, excepto nas relativas á designación e cese do Director e despedido do profesorado.
 14. Ningún membro poderá nomear outro representante na súa ausencia.

Sección Tercera. -Claustro de Profesores

Art.65-Claustro de Profesores.

O Claustro de Profesores é o órgano propio de participación do profesorado do Centro. Forman parte do mesmo todos os profesores de ensinanzas curriculares do Centro e o Orientador.

Art.66-Competencias do Claustro.

Son competencias do Claustro de Profesores:

1. Participar na elaboración do Proxecto Educativo de Centro, informar da Programación Xeral Anual e participar na avaliación do Centro.
2. Ser informado sobre as cuestións que afecten á globalidade do Centro.
3. Elixir nos seus representantes no Consello Escolar, conforme o establecido no artigo 62 do presente Regulamento.
4. Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do Centro.

Art.69-Réxime de funcionamento do Claustro.

O funcionamento do Claustro rexirase polas seguintes normas:

Convoca e preside as reunións do Claustro o Director.

1. A convocatoria realizarase, polo menos, con oito días de antelación e irá acompañada da orde do día. Cando a urxencia do caso o requira, a convocatoria poderá realizarse con vintecatro horas de antelación.
2. A reunión do Claustro poderá ser convocada calquera outra person cuxo informe e asesoramento estime oportuno o Presidente.
3. Os acordos deberán adoptarse, poio menos, polo voto favorable da metade máis un dos

- asistentes á reunión. En caso de empate o voto do Presidente será dirimente.
4. Todos os membros terán dereito a formular votos particulares e a que quede constancia dos mesmos nas Actas.
 5. As votacións serán secretas cando se refiran a persoas ou o solicite un tercio dos asistentes con dereito a voto.
 6. Todos os asistentes gardarán reserva e discreción dos asuntos tratados.
 7. O Secretario do Claustro será nomeado polo mesmo a proposta do seu Presidente. De todas as reunións o Secretario levantará acta quedando a salvo o dereito a formular e esixir na seguinte reunión as correccións que procedan. Unha vez aprobada será suscrita polo Secretario, que dará fe co visto bo do Presidente.
 8. O sinalado nos números anteriores será de aplicación ás Seccións do Claustro.
 9. O Claustro de Profesores reunirse, polo menos, tres veces no ano, e sempre que o Titular ou un tercio dos seus membros o soliciten ao Director.

TÍTULO IV ÓRGANOS DE COORDINACIÓN EDUCATIVA

Art.70-Órganos de coordinación educativa.

1. Os órganos de coordinación educativa son unipersoais e colexiados.
2. Son órganos unipersoais de coordinación educativa o Orientador Educativo e o Titor.
3. Son órganos colexiados de coordinación educativa o Equipo Docente, os Departamentos Didácticos, o Departamento de Orientación Psicopedagógica e Titorial, o Departamento de actividades complementarias e extraescolares e o Equipo de Normalización Lingüística.

CAPÍTULO I ÓRGANOS UNIPERSONAIS

Sección Primeira. - Orientador Educativo.

Art.71-Orientador Educativo.

É o educador o que realiza funcións de orientación para facilitar a consecución dos obxectivos do Centro. Orienta no profesorado nos aspectos educativos e nos alumnos nos aspectos psicolóxicos, académicos e profesionais.

Art.72-Nomeamento y cese.

É nomeado e cesado polo Titular, oído o parecer do Representante da Titularidade e do Director e informado o Consello Escolar

Art.73-Funcións.

1. Respecto ao Centro.

- a) Formar parte do Equipo Directivo Educativo.
- b) Estimular a dinámica e innovación do Centro nos aspectos didácticos, organizativos e educativos.
- c) Presidir, dirixir e organizar o Departamento de Orientación.
- d) Elaborar e revisar anualmente, seguindo o criterio do Equipo Directivo, o Plan de Acción Titorial do Centro (PAT), con colaboración dos Titores.
- e) Elaborar propostas de programas de diversificación (Programas Base de Diversificación).
- f) Traballar cos demais Orientadores da demarcación na investigación educativa.
- g) Elaborar no final do curso académico unha Memoria na que se avalíe o desenvolvemento das actividades do Departamento de Orientación.
- h) Participar na elaboración e revisión dos criterios de promoción na Educación Primaria e na ESO.
- i) Manter relacións co CEFOCOP da zona.
- j) Colaborar na elaboración dos orzamentos do Departamento de Orientación e levar o seguimento.
- k) Colaborar coa Universidade e outras institucións nas prácticas dos seus alumnos e nas investigacións psicopedagóxicas.

2. Respecto ao profesorado.

- a) Colaborar cos profesores do Centro na prevención, detección temperá e intervención nos problemas dos alumnos.
- b) Asistir ás reunións de Avaliación dos alumnos, dando pautas de orientación.
- c) Colaborar na elaboración do Plan de Formación do Profesorado e responsabilizarse do seu cumprimento.
- d) Coordinar a acción titorial (PAT), mantendo reunións cos titores de cada ciclo cando sexa convinte, polo menos trimestralmente, e tratar dos alumnos con dificultades.
- e) Dar criterios e orientar nos profesores nas adaptacións curriculares.
- f) Participar na elaboración do Consello Orientador no remate da ESO.
- g) Coordinar a elaboración do Plan de Técnicas de Estudo e Aprendizaxe que sexan xerais a todas as áreas en colaboración cos titores e no marco do PAT.
- h) Realizar recomendacións para as programacións de aula, especialmente en procedementos e actitudes.

3. Respecto aos alumnos.

- a) Utilizar os medios adecuados para coñecer aos alumnos (probas, entrevistas...).
- b) Atender ou derivar, no seu caso, nos alumnos con problemas e necesidades educativas especiais (NEE).
- c) Prestar unha especial atención nos alumnos repetidores.
- d) Acoller e empregar os medios adecuados para coñecer e incorporar nos alumnos no

- centro.
- e) Realizar a orientación académica, profesional e vocacional dos alumnos.
- f) Ser responsable da adecuación do Programa de Diversificación Curricular nos alumnos.

4. Respecto aos pais de alumnos.

- a) Promover, en colaboración con Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA), a formación dos pais (escolas de pais, conferencias, cursos...).
- b) Recibir, no horario establecido, nos pais de alumnos que o soliciten.
- c) Informar, de acordo co Titor, ás familias dos alumnos con necesidades educativas.
- d) Informar nos pais sobre as funcións do Departamento de Orientación nas reunións no comezo de curso, directamente ou a través do Titor.

Sección Segunda. Titor

Art.74-Titor

É o profesor responsable do proceso educativo de cada un dos alumnos do grupo a el confiado.

Art.75-Nomeamento e cese

É nomeado e cesado polo Director Xeral, informado o Consello Escolar

Art.76-Funcións

1. Preocuparse polo proceso educativo e persoal de cada un dos alumnos do seu grupo.
2. Levar unha ficha de cada alumno cos seus datos persoais e académicos.
3. Manter entrevistas personalizadas cos alumnos e seus pais ou titores.
4. Reunir ao comezo do curso aos pais do grupo para informalos sobre o centro, as actividades, o calendario, o horario de entrevistas cos pais, o sistema de avaliación, etc.
5. Coordinar a información académica sobre cada alumno cos demais profesores .
6. Preparar e supervisar a elección dos delegados de curso e velar polo seu funcionamento ao longo do ano.
7. Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e preparar o informe que a clase presenta na reunión de avaliación.
8. Entregar o boletín de avaliación e transmitir ás familias a información relativa ao alumno.
9. Proporcionar ao grupo da súa clase Técnicas de Estudo coa axuda do Orientador Educativo.
10. Orientar aos alumnos de final de Ciclo e aos implicados na elección de materias, coa axuda do Orientador Educativo.
11. Facilitar a integración dos alumnos no grupo e promover a participación dos alumnos no ámbito colegial.
12. Levar a cabo as accións programadas polo Departamento de Orientación no Plan de Acción Titorial.
13. Responsabilizarse da convivencia e disciplina do grupo de alumnos que ten encomendado.
14. Encamiñar as demandas e inquietudes dos alumnos e mediar na solución dos problemas

- que se presenten.
15. Facilitar a cooperación educativa entre os profesores e as familias.
 16. Detectar os alumnos con necesidades especiais e informar ao Orientador Educativo.

CAPÍTULO II ÓRGANOS COLEGIADOS

Sección Primeira.- Equipo Docente

Art.77.-Composición.

El equipo Docente está integrado por los profesores del respectivo ciclo, curso ou grupo.

Art.78.-Competencias.

Son competencias del Equipo Docente:

- a) Realizar a conexión interdisciplinar do curso ou ciclo.
- b) Propoñer ao Claustro criterios xerais de avaliación.
- c) Colaborar na elaboración dos proxectos, adaptacións e diversificacións curriculares.
- d) Propoñer iniciativas e experiencias pedagóxicas e didácticas.
- e) Avaliar aos alumnos, decidir sobre a súa promoción e sobre a concesión dos títulos.

Sección Segunda.-Departamentos Didácticos

Art.79.-Departamentos Didácticos

Son os órganos encargados de organizar e desenrolar as ensinanzas propias de cada área, materia ou módulo e as súas actividades, dentro do ámbito das súas competencias.

Están formados polos profesores da súa área, materia ou módulo suxeitos a ese departamento.

Art.80-Departamento de Orientación.

É o departamento que realiza as funcións de orientación para facilitar a consecución dos obxectivos do Centro, orienta no profesorado nos aspectos educativos e nos alumnos nos aspectos psicolóxicos, académicos e profesionais.

Art.81-Composición.

Está formado por:

- o Un psicólogo
- o Un mestre de apoio.
- o Un mestre especialista en linguas.

Sección Terceira. -Equipo de Normalización Lingüística.

Art.82-Equipo de Normalización Lingüística.

O Equipo de Normalización Lingüística constitúese, segundo as normas establecidas, co obxectivo de coordinar, planificar e promover actividades encamiñadas a conseguir o uso do galego dentro do centro escolar, e tamén para incidir na comunidade educativa con actividades que fomenten o uso normal da lingua galega.

Art.83-Composición.

O Equipo de Normalización Lingüística do Centro está formado por tres profesores, tres alumnos e un membro do persoal non docente, ademais da colaboración de numerosos profesores, alumnos e persoal de administración e servizos, que usan o galego nas súas tarefas e axudan a materializar as actividades na medida da súa vontade e compromiso personal.

Art.84-Competencias.

Son competencias do Equipo de Normalización Lingüística:

1. Profundizar no labor de normalización lingüística na vida escolar, cun espírito de integración, cooperación e reflexión compartida.
2. Estimular prácticas lingüísticas e educativas que propicien unha real capacitación dos alumnos nas distintas linguas curriculares.
3. Fomentar unha nova educación lingüística, unha nova sensibilidade educativa, superadora de vellos prexuízos e discriminacións latentes no ámbito escolar e social cara ao uso da lingua galega.
4. Procurar un contacto permanente e fluído con todos os compoñentes e organismos da comunidade escolar, sensibilizándoos co proxecto de normalización e animándoos no compromiso co uso da lingua galega.
5. Integrar no proxecto todas as propostas normalizadoras xurdidas dende as diferentes instancias do centro, conformando así un proceso aberto e integrador asumido por un gran número de integrantes da comunidade escolar.
6. Compartir experiencias normalizadoras con outros centros educativos, instituícións... para acadar unha dinámica normalizadora enmarcada nun proxecto social máis amplo.
7. Orientar e conformar as directrices lingüísticas que van impregnar o P.E.C. e o P.C.C. do Centro.

TÍTULO V **ALTERACIÓN DA CONVIVENCIA**

CAPÍTULO I **NORMAS XERAIS**

Art.85.- Valor da convivencia.

A adecuada convivencia no Centro é unha condición indispensable para a progresiva maduración dos distintos membros da Comunidade Educativa —en especial dos alumnos- y de aquela no seu conxunto, e por conseguinte, para a consecución dos obxectivos do Carácter Propio do Centro.

Art.86.-Alteración e corrección.

1.Alteran a convivencia do Centro os membros da Comunidade Educativa que, por acción ou omisión, vulneran as normas de convivencia a que se refire o Art. 7 do Regulamento presente

2.Os que alteren a convivencia serán corrixidos de conformidade aos medios e procedementos que sinalan a lexislación vixente e o presente Regulamento.

CAPÍTULO II **ALUMNOS**

Art.87-Criterios de corrección da convivencia

1. Na corrección dos alumnos que alteren a convivencia teranse en conta os seguintes criterios:

- A idade, situación persoal, familiar e social do alumno.
- A valoración educativa da alteración.
- O carácter educativo e recuperador, non meramente sancionador, da corrección.
- A proporcionalidade da corrección.
- A forma en que a alteración afecta aos obxectivos fundamentais do Proxecto Educativo do Centro, Programación de Etapa e Programación Xeral Anual do Centro.

2. En ningún caso o procedemento de corrección poderá afectar ao dereito á intimidade e dignidade do alumno.

Art.88-Calificación da alteración da convivencia.

As alteracións da convivencia poderán ser leves e graves.

Art.89-Gradación das correccións.

Aos efectos da gradación das correccións:

1. Son circunstancias paliativas:

- a) O recoñecemento espontáneo da conducta incorrecta.
- b) A falta de intencionalidade.
- c) A observancia dunha conducta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
- d) Aqueloutras que estableza a lexislación vixente.

2. Son circunstancias agravantes:

- a) A premeditación e a reiteración.
- b) Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menor idade ou aos recéns incorporados ao Centro.
- c) Calquer acto que entrañe ou fomenta a violencia, a discriminación, o racismo, a xenofobia ou o menoscabo dos principios do Carácter Propio ou do Proxecto Educativo.
- d) Aqueloutras que estableza a lexislación vixente.

Sección Primeira. -Alteracións leves da convivencia.

Art.90-Cualificación.

Son alteracións leves da convivencia aquelas que vulneran as normas de convivencia, as sinaladas neste artigo e aquelas outras que non están cualificadas no presente Regulamento ou na lexislación aplicable como graves.

- 1. Os actos de indisciplina ou ofensas leves contra os membros da Comunidade Educativa.
- 2. A agresión física ou moral ou a discriminación leves contra os demais membros da Comunidade Educativa, ou contra outras persoas que se relacionan co Centro.
- 3. As actuacións prexudiciais leves para a saúde, a integridade persoal e a moralidade dos membros da Comunidade Educativa do Centro, ou a incitación á mesma.
- 4. Os danos leves causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais, material ou documentos do Centro, nos bens doutros membros da Comunidade Educativa ou nas instalacións ou pertenzas das persoas ou institucións coas que se relacione o Centro.
- 5. Os actos inxustificadas que perturben de forma leve o normal desenvolvemento das actividades do Centro.
- 6. A reiteración nun mesmo curso escolar de condutas que alteren levemente a convivencia.

Art.91-Corrección.

- 1.- As alteracións leves de convivencia poderán ser corrixiadas coas medidas previstas na lexislación aplicable. No obstante, o Centro poderá corrixir ditas alteracións mediante:
 - a) Amonestación privada o pública, verbal ou escrita polo Titor
 - b) Comparecencia inmediata ante o Coordinador de Ciclo, ou o Xefe de Estudos.

- c) Realización de traballos non específicos en horario non lectivo.
- d) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro dirigidas a reparar el daño causado a las instalaciones o al material del centro o a las pertenencias de otros miembros de la Comunidad Educativa, o a las instalaciones o pertenencias de las personas o instituciones con las que se relacione el Centro.
- e) Cambio de grupo do alumno por un prazo máximo dunha semana.
- f) Suspensión da participación nas actividades extraescolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo lo Centro, por un periodo máximo dunha semana.
- g) Suspensión na participación nos servizos complementarios do Centro, por un periodo máximo dunha semana.
- h) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días.
- i) Suspensión do dereito de asistencia no Centro por un prazo máximo de tres días.

2.- Durante o periodo que duren as correccións sinaladas nos párrafos h) e i) do número anterior, o alumno deberá realizar os deberes o traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.

Art.92-Órgano competente.

As correccións por alteracións leves da convivencia serán impostas seguindo o procedemento que determine o Director, con audiencia do alumno en todo caso.

1. Compete impoñer as correccións enumeradas no artigo anterior a:
 - a) Os profesores e o titor do alumno, as correccións sinaladas nos puntos a), b), e). No caso dos profesores, dando conta ao titor.
 - b) Ao Coordinador de Etapa, as correccións sinaladas nos puntos a),b),c),d) e)
 - c) Ao Director: todas as sinaladas, oído o seu profesor ou titor.
2. Na imposición destas correccións será oído o alumno. Ademais, serán oídos os pais dos alumnos nas correccións sinaladas nas letras f), g), h) e i).

Sección Segunda - Alteracións graves da convivencia.

Art.93-Calificación das faltas graves

Son alteracións graves da convivencia:

1. As accións ou omisións gravemente contrarias ao Carácter Propio do Centro.
2. Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da Comunidade Educativa.
3. A agresión grave física ou moral e a discriminación grave contra os demais membros da Comunidade Educativa, ou doutras persoas que se relacionen co Centro.
4. As actuacións perxudiciais para a saúde, a integridade persoal e a moralidade dos membros da Comunidade Educativa do Centro, ou a incitación ás mesmas.
5. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou sustracción de documentos académicos.
6. Os danos graves causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais, material ou

- documentos do Centro, ou nos bens doutros membros da Comunidade Educativa ou nas instalacións ou pertenzas das institucións coas que se relacione o Centro.
7. Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro.
 8. A reiteración nun mesmo curso escolar de condutas que alteren de forma menos grave a convivencia.
 9. O incumprimento das correccións impostas.
 10. Conductas inapropiadas nun Centro escolar: Xogar as cartas, posturas irrespetuosas, vestido inadecuado, linguaxe grosera ou ofensiva, actos violentos, provocacións, inxurias ou ofensas de palabra ou feito cara calquer compañeiro, equipo docente e non docente.
 11. Consumo, distribución e venda de tábaco, drogas e alcohol.
 12. Manifesta e reiterada falta de desinterese no estudo e na convivencia do Centro.

Art.94-Corrección.

1. As alteracións graves serán sancionadas coas medidas previstas na legislación aplicable para este tipo de condutas.
 - a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, en horario non lectivo.
 - b) Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou ás pertenzas doutros membros da Comunidade Educativa, ou ás instalacións ou pertenzas das institucións coas que se relacione o centro, en horario non lectivo.
 - c) Cambio de grupo de alumnos.
 - d) Suspensión da participación nos servizos complementarios do centro.
 - e) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas.
 - f) Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes.
 - g) Cambio de Centro.
 - h) Aqueles outros que determine a lexislación vixente.
2. Durante o período que duren as correccións sinaladas nos parágrafos e e f do número anterior, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.

No caso de alteracións graves, deberase seguir o procedemento disciplinario contradictorio, establecido na lexislación aplicable.

Art.95-Órganos Competentes.

1. Compete impoñer as correccións enumeradas no artigo anterior:

No caso de alteracións graves, corresponderá ao Director a imposición de correccións, de conformidade co previsto no Artigo 54.2 da LODE, na redacción dada pola Disposición Final Primeira 3 de la LOCE.

2. A imposición das correccións por faltas graves realizarase conforme no procedemento que establece a lexislación vixente.

Art.96-Tramitación de expediente disciplinario.

1. O Director, por propia iniciativa ou a proposta do Consello Escolar, acorda instruír expediente.
2. A instrución do expediente deberá acordarse nun prazo non superior a dcz días, dende que se tivo coñecemento dos feitos.
3. O instrutor será un profesor do centro, designado polo Director.
4. Comunicaráselle nos pais ou titores legais do alumno da incoación do expediente e da designación do instrutor, indicando que este pode ser recusado.
5. Comunicarase no servizo de inspección.
6. O Director, por iniciativa propia ou a proposta do instrutor, poderá adoptar as medidas provisionais que estime convintes:
 - a. Cambio temporal de grupo.
 - b. Suspensión do dereito de asistir no centro por un período de tempo non superior a cinco días.
7. O prazo para acordar a instrución do expediente non será superior a dez días.
8. O prazo para instruír o expediente será de sete días.
9. Instruído o expediente, daráselle audiencia ao alumno e nos pais ou titores legais, citándoos con acuse de recibo, indicando lugar, día e hora.
10. Informarase das condutas que se lle imputan e das medidas correctoras que se propoñen ao Consello Escolar.
11. A resolución do procedemento deberá producirse nun prazo máximo dun mes, dende a data da iniciación do mesmo.
12. Contra a resolución do Consello Escolar poderá interpoñer recurso ordinario ante o Delegado Provincial.

CAPÍTULO III NORMAS Y FALTAS

Es obligatorio el uniforme escolar.

No se permite salir del aula sin permiso.

Las ausencias a clase deben justificarse debidamente y por escrito.

Está prohibido el uso de vehículo propio en horario escolar sin autorización escrita.

Está prohibido fumar en todo el recinto escolar y en la entrada del Colegio.

Se consideran faltas graves:

- Las faltas reiteradas de puntualidad.
- Las actuaciones violentas de palabra u obra con compañeros o profesores.
- La apropiación indebida de pertenencias ajenas.
- El uso de walkmans, teléfonos móviles, mp3 ...etc.
- El incumplimiento injustificado de castigos.
- El manifiesto e injustificado bajo rendimiento escolar.

CAPÍTULO IV RESTO DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Art.97- Correccións

1. Sen perxuízo da regulación que se deriva do réximen específico da relación dos distintos

membros da Comunidade Educativa coa Entidade Titular do Centro (laboral, civil, mercantil, etc), a alteración da convivencia destes membros da Comunidade Educativa poderá ser corrixida pola Entidade Titular do Centro con:

- a) Amonestación privada.
 - b) Amonestación pública.
 - e) Limitación de acceso ás instalacións, actividades e servizos do Centro.
2. As correccións impostas aos pais de alumnos requirirán a aprobación do Consello Escolar.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. - Relacións laborais

Sen perxucio do sinalado no presente Regulamento, as resolucións laborais entre o Titular e o persoal contratado regularanse pola súa normativa específica.

Asimismo, rexirase pola súa normativa específica a representación dos traballadores na empresa

DISPOSICIÓN FINAIS

Primera. - Modificación do Regulamento.

Cando proceda, o Titular acomodará o presente Regulamento ás Disposicións da Autoridade educativa competente que impliquen cambios no seu articulado, e o revisará periodicamente co fin de garantir a súa adecuación ás necesidades do Centro.

A modificación do presente Regulamento compete á Entidade Titular do Centro, que deberá someterlla á aprobación del Consello Escolar no que afecte a Ensinanzas Concertadas. Asimismo, compete á Entidade Titular o seu desenvolvemento.

O Equipo Directivo do Centro é responsable da aplicación deste Regulamento e de completar o seu contido naqueles asuntos que requiran unha regulación máis detallada.

Segunda.- Entrada en vigor.

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte á súa aprobación polo Consello Escolar do Centro e manterase vixente mentres o Centro estea incorporado no réxime de Concertos Educativos.

..~,

